



PuntoQ+

Servizo de Información e Asesoramento para a Mocidade
GRATUÍTO - ANÓNIMO - CONFIDENCIAL

CONTIGO, ESTEAS ONDE ESTEAS



INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

- Sexualidade
- Anticoncepción e ITS
- Estima corporal
- Habilidades persoais
- E moito máis!



REALIZACIÓN DE PROBAS

- Test de embarazo
- Proba rápida do VIH en fluído oral



DISPENSACIÓN

- Preservativos masculinos, femininos e bandas de látex



FORMACIÓN

- Mocidade
- Familias
- Profesionais
- Colectivos específicos



PARTICIPACIÓN

- Campañas de sensibilización social e comunitaria

CONTACTA CONNOSCO

Centro Universitario de Riazor (Biblioteca antiga Empresariais)
Rúa Almirante Lángara, s/n , A Coruña
Telf.: 981 223 913

Horario: primeiro e último martes lectivo de mes das 17:00 ás 19:00 horas

@querotemais @querotemais querote_mais 647 018 752 querotemais.videochamada

Quérote+ é un servizo da Xunta de Galicia de información e asesoramento á mocidade, acerca de cuestións relacionadas coa sexualidade, relacións, autoestima e imaxe corporal, uso responsable das TICs e alternativas ao consumo de sustancias. Para iso conta cun equipo de profesionais do traballo social, da educación social e da psicoloxía, que prestan esta atención de forma totalmente gratuíta, anónima e confidencial, nos distintos centros Quérote+ repartidos pola xeografía galega, e tamén vía telefónica, a través da páxina web xuventude.net, por aplicacións de mensaxería instantánea (Whatsapp e Telegram) e por videochamada a través de Skype ou Hangout.

Os centros Quérote+ contan cun espazo de autoconsulta con información de interese e materiais de campañas relacionadas coas temáticas abordadas. Tamén dispoñen dun programa de dispensación gratuíta de preservativos masculinos e femininos, así como de bandas de látex. E como apoio no asesoramento cóntase cun programa de probas: test de embarazo e proba rápida de VIH en fluído oral. Máis información da proba rápida de VIH na seguinte ligazón: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Programa-da-proba-rapida-de-VIH?idioma=ga>.

Dende o curso 2015-2016 Quérote+ tamén ten presenza dentro da Universidade da Coruña cun **'Punto de asesoramento Q+ UDC'**, ubicado no CUR de Riazor, despacho contiguo ao CEXEF (Centro de Estudos de Xénero e Feministas), no que se prestan exactamente os mesmos servizos que no propio centro Quérote+. Este punto presta atención todos os primeiros e últimos martes lectivos (de outubro a maio) en horario de 17:00 a 19:00 horas. Fora deste horario a atención tería lugar no Centro Quérote+ da Coruña, ubicado na Avenida Linares Rivas, 28 – andar 8, en horario de atención de luns a xoves de 09:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:00 horas, e os venres só de mañá de 09:00 a 14:00 horas. Teléfono de contacto: 981 223 913.

Ao longo do curso lectivo lévanse a cabo distintas campañas con presenza no propio CUR e nas distintas facultades e escolas. Do mesmo xeito vense participando todos os anos como convidados á Feira de asociacións de estudantes da UDC.